

"A Trabe"-sía




CEIP STA. RITA

CURSO 2008/2009

**XORNAL SUBVENCIONADO POLA
SECRETARÍA XERAL DE POLÍTICA LINGÜÍSTICA**

Índice



EDITORIAL	2
APTC-CH?.....	3
RAMÓN PIÑEIRO.....	5
HABÍA UNHA VEZ.....	7
NOVAS.....	17
CELEBRACIÓNS.....	19
ACTIVIDADES VARIAS.....	28
DEPORTES.....	29
NORMALIZACIÓN.....	31
PROXECTOS.....	36
CONCURSOS.....	38
PRENSA.....	40
SAÍDAS.....	41
HANDCRAFT TIME.....	44
(MANUALIDADES)	

Editorial

E aquí estamos unha vez máis acudindo puntuais á nosa cita anual con vós.

Preparados para zarpar, invitámoste a esta viaxe retrospectiva no tempo, revivindo os nosos momentos máis felices, divertidos, ... significativos deste curso que acaba, pero que seguro será inesquecible dalgunha maneira ao igual que o son todos. Deste xeito esta singladura será tamén un rincón na nosa memoria, unha páxina no noso caderno de bitácora.

Embárcate e disfruta dunha nova "Trabe"-sía!

"A trabe"-sía

APTIC-CH?



INGREDIENTES

- 250 gr. de nata
- 250 gr. de azucre
- 2 xemas
- 400 gr. de fariña aproximadamente

PREPARACIÓN

Mestúrase a nata cos ovos e o azucre. Váiselle incorporando a fariña pouco a pouco ata conseguir unha masa brandiña. Convén non pasarse coa cantidade de fariña para que non saian duras. Déixase repousar a masa no frigorífico unha media hora, e logo esténdese deixando unha altura de medio centímetro e moldéase a gusto.

Métese no forno a 180° uns 15 minutos ou ata que comecen a dourarse.



"A trabe"-sía

CHRUSCIKI

INGREDIENTES

2 ovo
4 xemas
½ culleriña de sal
2 tazas de fariña
½ taza de azucre en po
¼ de taza de manteiga
1 chorriño de brandy ou ron
ou whisky

Galletas polacas.
"Ás de anxo"

PREPARACIÓN

1

Bater os ovos co batedor, as xemas e o sal. Suavemente engade o azucre en po e o alcohol. Pon no batedor o accesorio para amasar. Vai engadindo a fariña e amasa de 3 a 5 min. A masa debe estar grosa como a do pan.

2

Colle unha pelota de masa e pon o resto nunha cunca, cuberta cun pano húmido para impedir que se seque mentres traballas.

3

Colle unha pelota de masa e sobre unha superficie con fariña e usando un rodillo de cociña estira a masa moi delgada.



4

Córtaa en tiras cun coitelo e fai un corte no medio de cada unha. Colle un extremo da tira e pásao polo medio do corte e tira del suavemente.



5


Nunha tixola fonda quenta manteiga vexetal ou de cocho ata que estea moi quente. Frite as galletas por ambos lados ata que estean douradas e sécaas poñéndoas sobre papel de cociña ou de fornear e cóbreas co azucre en po.



"A trabe"-sía

Letras Galegas 2009

R
a
m
ó
n
P
i
ñ
e
i
r
o






*Naceu en Lugo
en 1915.*

*Aí estudou
bacharelato e ingresou
nas xuventudes
do Partido
Galeguista.*








*Coñeceu a Otero Pedrayo. Loitou na guerra civil e
cando esta terminou estudou Filosofía e Letras en
Santiago. Dende 1943 participou na
reorganización clandestina do Partido Galeguista e foi
detido en 1946 e encarcerado durante 3 anos.
Dirixiu a Editorial Galaxia en 1953 e publicou
xunto a outros, "La saudade, ensayos"*

*En 1966 foi como profesor invitado a Vermont,
EEUU, onde se estableceu varios anos. En
1967 ingresa na Real Academia Galega
Non ten moitas obras e todas elas céntranse na filosofía
da saudade: "Significado metafísico da saudade, notas
para unha filosofía galaico-portuguesa"*



"A trabe"-sía

Exposición Día das Letras Galegas



Os colexios de Viveiro fixemos unha exposición conxunta con todos os nosos traballos sobre as Letras Galegas dende o 14 ao 27 de maio. Estes son os nosos

"A trabe"-sía

Carlos e a noite de Reis

O meu amigo Carlos ten catro anos. E, a que non adiviñades cal é o seu día favorito?

Non. O seu día favorito non é o seu aniversario nin o seu santo. O seu día favorito é a noite de Reis. Espera todo o ano a que chegue o día. Todos os días Carlos escribe nun papel os regalos que quere, cada día unha cousa máis. A semana antes da noite de Reis, Carlos escribiu catro follas de regalos. Pediu un boneco, un libro, un xerseí, un xogo de facer debuxos, etc. Deixouna na caixa de correo e esperou a que chegara o día.

Cando chegou a noite de Reis, Carlos deitouse ás oito para que non o viran esperto.

Cando por fin quedou durmido tivo un sono moi raro. Soñou que vira aos Reis Magos, pero eles non o viran a el.

Os Reis, entraran na casa de Carlos e empezaran a revolver todo. Primeiro foran á cocíña e zamparan todo o que había nela, despois no baño metéranse na ducha e logo durmiron na cama de folga. Pero antes de durmir, Melchor Gaspar e Baltasar viran a Carlos debaixo da mesa do salón. Pero en vez de dicirlle que non tiña regalos, Melchor cortoulle as uñas, Gaspar lavoulle o pixama e Baltasar sacouno dar un paseo enriba duns cervos máxicos, e mentres daban o paseo, un cervo dixo:

-Este ano non ides repartir os regalos?

E Baltasar dixo que este ano só llos ían dar a Carlos.

Ao chegar á casa, Carlos foise para á cama dos seus pais, Xan e Marta e os Reis ao cuarto de convidados.



H
A
B
Í
A
U
N
H
A
V
E
Z

"A trabe" -sía

Á mañá seguinte, ás sete da mañá, Carlos espertou. Sabedes onde?

Si,adiviñastes. Na cama dos seus pais. Espertounos e foi abrir os regalos.

Trouxéronlle o salón cheo. Máis ca nunca!.

Cando foi almorzar á cociña só había un cartón de leite,e foi ao cuarto de convidados e a cama estaba desfeita. Non lle deu importancia.

Xogou e xogou dous días seguidos. E cando empezou a escola, Carlos montou no autobús e ao chegar os seus amigos comentaban que non tiveran reais de Reis.

Foi un soño ou unha realidade?

Paula Fernández 4ºPrimaria



O péndulo máxico

Érase unha vez un home chamado Carlos que estaba solteiro e que quería casar.

Un día foi ao mercado e comprou un péndulo.Cando chegou á casa puxo o péndulo no garaxe.Veu a noite e Carlos foi para a cama. Á media noite, cando soaron as badaladas, un espírito saíu do péndulo.

O espírito sabía que Carlos quería casar. Entón fixo un encantamento para que unha muller se namorase de Carlos.

Á mañá seguinte Carlos foi dar unha volta. Polo medio do camiño unha muller chamada Lucía díxolle a Carlos:

- Queres vir hoxe á noite dar unha volta?
- Vale,contestoulle Carlos.

Cando acabaron de dar unha volta, Carlos foi para a cama.

Ao día seguinte o encantamento rompeuse e Carlos sentíase mal. Pola noite soaron as badaladas e Carlos baixou ao garaxe, viu o espírito e díxolle:

- Podes facer que Lucía se namore de min?
- Si, pero antes quero ser libre - díxolle o espírito.

E Carlos dixo:

- Antes fai que Lucía se namore de min.

O espírito fixo que Lucía se namorara del.

- Que teño que facer para que sexas libre? - dixo Carlos.

O espírito contestoulle:

- Tes que encontrar unha pedra máxica tras unha viaxe de dor e cansazo.

Carlos encontrou a pedra e deulla ao espírito.

Da pedra saíu unha alma e o espírito

Meteuse nela e converteuse nun humano.

E Carlos casou feliz e contento con Lucía

Brais Fernández

4ºPrimaria



“A trabe”-sía

O diamante do Rei

Érase unha vez nun país de Oriente un Rei que non era feliz porque ninguén o miraba á cara. No seu Pazo de Ouro, todo o mundo se inclinaba diante del. O Rei estaba aburrido de ver soamente turbantes e costas. Un día, o rei dille ao seu ministro:

- Como os meus súbditos só me miran os pés, quero que as miñas babuchas estean relucentes. Así que tráeme ao mellor limpababuchas do reino. O ministro vai ver a Nasir, un mozo limpababuchas, e cóntalle que o rei quere que vaia ao pazo para limparlle as súas babuchas.

Nasir ponse a súa mellor roupa, recolle o seu cepillo e sae da súa casa. Antes de ir ao pazo vai visitar ao Cameleiro Maior, para preguntarlle que sabía do rei pois viaxara moito. O Cameleiro respóndelle:

- Non te fíes. Din que leva no turbante un diamante verde que queima os ollos de quen o mira. Eu, no teu lugar, non iría ao pazo.

Nasir dá as grazas ao Cameleiro pero segue o seu camiño, e antes de chegar ao pazo vai falar co encantador de serpes. Cando chega á súa casa, explícalle:


- O rei ordéame ir ao pazo. Encantador de serpes, ti que coñeces a tanta xente, dime, por favor, o que sabes do rei.

- Non te fíes, - responde o encantador. Din que leva no turbante un diamante azul que queima os ollos de quen o mira. Non vaias, faime caso.

Nasir dálle as grazas e vaise. Cada vez ten máis medo dese rei ao que todos temen. Por último, Nasir vai consultar ao home máis ancián da cidade:

- O rei ordéame ir ao pazo. Ancián, ti que es sabio, cóntame, por favor, todo o que sabes do rei.

O ancián responde:



“A trabe”-sía

- Din que leva no turbante un diamante vermello que queima os ollos de quen o mira.

Nasir dálle as grazas e sae da casa. Pero o ancián bérralle:

- Segue o meu consello, raparigo! Se vas ao pazo, non se che ocorra mirar ao rei á cara.

Pouco despois, Nasir chega ao pazo e, sen levantar os ollos, segue a un criado por unha alfombra longuísima. Cando chegan ao salón do trono, o mozo axeónllase diante dun par de babuchas preciosas. Está a tremer de medo e frega con forza as babuchas ata que brillan coma dous espellos. E entón, ve a cara do rei refrexada nas babuchas,... e no seu turbante non hai un diamante nin verde, nin azul, nin vermello. Só hai unha pedra branca que non fai ningún dano aos ollos. O rei, que se deu conta, pregunta:

- Raparigo, ti que me viches a cara, cres que son tan horriblemente feo?

Nasir respóndelle:

- Pois non, maxestade. En absoluto.

O rei insiste:


- E por que ninguén me mira á cara?

Nasir levanta a cabeza e cóntalle o que se di del por todo o reino. Logo, fai unha reverencia e marcha. En canto Nasir sae do pazo, a xente rodéao:

- Limpababuchas, Podes vernos? Non se che queimaron os ollos?

Nasir responde, cun sorriso:

- Os meus ollos están perfectamente. Agora mesmo vexo con claridade a unha chea de medosos que se cren todo o que lles contan



Raquel Vázquez

6º Primaria



“A trabe”-sía

Pimpin =

e os seus irmáns



Velaí vai a historia de **Pimpim** ,un paxariño moi pequeniño que vivía en **Ourol** .

Pimpim era o pequeno de oito irmáns, e todos vivían nunha aldea distinta .

O **Colorado**, que así se chama o seu irmán máis vello, vive en **Bravos**. **Colorado** é un carpinteiro moi bo , fai casiñas para os demais paxariños.O outro día fixo unha para o señor **Picapeixe**, o que vive na beira do río **Landro**, na **Ponte do Gromedoiro**. É un paxaro moi traballador, ten o récord de ser o paxaro máis pescador da zona.

Picoverde é outro dos seus irmáns, vive no **Sixto**. Está alí dende hai moitos anos. **Picoverde** é vixiante forestal, e ten unha cabana moi bonita no alto de **Sebran** para vixiar que non haxa incendios .

Dende alí divisase a vila de **Ourol** . Eu,de verán, vou pasar uns días con el, porque me gusta a natureza. O ano pasado fixenme amigo dun xabarín e dun corziño. O xabarín chamase **Púas** e o corziño **Piecito**. Xogabamos todos os días, xa que a casa do meu irmán está preto da casa de **Púas** e de **Piecito** .



“A trabe”-sía

Virxilio é outro dos irmáns de **Pimpim** . É pintor, e a súa casa está no lugar de **Xerdíz** . Cando era novo emigrou ás Américas e alí foi onde aprendeu o oficio de pintor. El foi o que pintou a fachada do **Concello de Ourol**. É moi bo pintor e todos os paxariños queren que lles pinten as súas casiñas. Uns quérenas de vermello, outros de laranxa, outros de azul, etc... e eu xa lle digo que isto en vez de parecer un pobo parece o arco da vella.

Violeta é a panadeira de todo o Concello, vive en **Merille** e ten alí a súa panadería. Reparte por todas as parroquias de Ourol. **Violeta** ten varios empregados: o **paporroibo**, o **xílgaro**, o **esquío** , a **lebre**, o **poltriño**, etc... Uns van voando repartir , outros teñen motos para os sitios máis difíciles de chegar, outros van en burro , e outros en bicicleta. A súa panadería é moi popular pola empanada de carne, a torta de améndoa de Santa Eulalia e as roscas de anís .

Agora chegamos a **San Pantaleón**, e alí é onde está o mellor zoqueiro de toda a volta, o señor **Cirilo**. **Cirilo** é zoqueiro dende hai anos . Fai as mellores zocas do mundo. Ten encargas para **Ferreira, Galdo, Vieiro e Muras**.

Os seus amigos os corziños úsanas moito nos meses do inverno; e tamén a señora **Rosita** (que é a veterinaria da parroquia).

Rosita é unha cabrita montesa. Agora están en perigo de extinción, por iso ten que ter moito coidado cos cazadores furtivos. No inverno pon moito as zocas para subir a **Serra de Sabucedo**, xa que sen elas non fai máis que patinar. É a mellor veterinaria que existe. O outro día axudou ao señor Negrín (un lobiño xa anciá) que quedou o pobre enganchado nun trebello (unha trampa) a saír dela. Vino onte e aínda anda coas muletas pero dixo Rosita que deseguido ía poñerse ben.

Hoxe é domingo e como todos os domingos vou xantar á casa de meu irmán **Rodolfo**, e agora vouvos falar un pouco de **Rodolfo**. É muiñeiro, ten un muíño moi antigo na parroquia de **Ambosores**, móelle a fariña a **Violeta** para a panadería, así coma ao resto dos veciños. **Rodolfo** ten a sona de ser o muiñeiro mas barato de toda a volta, cobra en especies, é dicir, uns danlle patacas, outros cebolas, a señora **Rula** , (unha galiña moi poñedora), dálle ovos, a **Fuca** (que é unha vaca moi presumida), dálle leite e así todos.

Rodolfo con estes agasallos ten para comer todo o ano. O domingo é o único día que non traballa. E dí que os domingos son sagrados ,que son para descansar. E así é, descansa todo o día deitadiño á sombra dun carballo que hai pegado ao muíño.

E creo que vai sendo hora de rematar a miña historia. E para iso só me queda falar de meu irmán, o **Reiseñor**. Chámanlle así pola voz que ten. **Reiseñor** é un artista. Ten unha orquestra. A orquestra **PETAPOUCO**. Esta orquestra fíxoa meu irmán hai uns cinco anos. Tamén se encarga do coro na igrexa de Ourol e se mañá non chove van tocar a **Miñotos** . Celébrase a **Festa da Primavera**, festa na que casamos moitos dos paxariños.

E velaí vai a historia de **Pimpim** e os seus irmáns: **Colorado, Picoverde, Virxilio, Violeta, Cirilo, Rodolfo e Reiseñor** que viven no **Concello de Ourol**.

Abraham García 4º Primaria



“A trabe”-sía

Había unha vez un neno chamado Alexandre. Unha vez, cando ía co seu amigo Xosé ao monte, atopou unha pedra. Pero non era unha pedra calquera, era especial. Claro, preguntarédesvos porqué. Pois porque día a día ían sucedendo cousas moi boas.

O luns, Alexandre foi ao monte de novo. Ía buscar leña para a súa nai. De súpeto unha árbore ía caer, pero o neno deu un paso e non lle caeu encima.

O martes, ía vender leite e un home tiroullo todo. De súpeto retrocedeu o tempo e o leite non caeu.

O mércores, empezou a estrañar. Tirou un xerro e non rompeu. Mi madriña! Aquí pasa algo raro!, pensou o neno.

O xoves tropezou co leite e non sucedeu nada, que estraño!.

O venres, por fin, descubriuno.

- Esta semana non me sucedeu nada malo.

Ah, claro. Esta pedra é máxica!

O neno gardou a pedra para sempre

Paula Díaz

4º Primaria

Unha pedra mágica

“A trabe”-súa


Neva en Santiago



Xa era inverno en Santiago de Compostela. Pepito e Iago miraban pola ventá da súa casa como caía a neve.

Cando parou de nevar decidiron coller as súas palas e saír a facer un boneco de neve. Fixeron unha bola enorme na que puxeron unha bola máis pequena que facía de cabeza.

Colocáronlle os ollos, o nariz, unha bufanda, unha escoba e un gorro negro.



Finalmente o boneco estaba listo e Iago e Pepito estaban moi contentos .

José Antonio Gradaille 6ºPrimaria

“A trabe”-sía

A viaxe no tempo

Había unha vez, nun lugar chamado Patein situado ao sur de Galiza, un científico chamado Flik un pouco tolo que só tiña un amigo, que de nome dicíanlle Marrow.

Un día Flik tivo unha intelixentísima idea que era a de crear unha máquina do tempo. Tardou varios anos en facela pero o esforzo valeu a pena porque ese día Flik, por fin conseguiu o que quería, que era ter unha máquina do tempo de verdade. O primeiro que pensou Flik nada máis acabala foi en viaxar con ela, pero para iso necesitaba a axuda do seu único, pero moi bo, amigo que non era outro que Marrow, así que colleu o teléfono e chamou a Marrow. Pasaron un bo anaco falando, Marrow aceptou o reto da viaxe e quedaron ó día seguinte ás nove da mañá para inaugurala.



O día seguinte Marrow chegou puntual á cita, así que non esperaron máis e empezaron a súa viaxe. Entraron pola porta da máquina e o primeiro que fixeron foi sentarse nos cómodos e grandes asentos da máquina, Flik nada máis entrar na máquina preguntoulle a Marrow a que ano quería viaxar, e este contestoulle que lle gustaría ir ao pasado. Todo ía ben ata que nun descoido a Flik caeulle un vaso de auga no panel de control da máquina e esta empezou a funcionar soa e víronse nunha nube de po.



Cando aterraron, a porta abriuse soa e detrás dela viron un mundo de aparellos electrónicos e persoas voando en naves espaciais. Marrow e Flik estaban estrañados ata que Flik atopou un xornal no chan e naquel instante comprenderon todo. A data do xornal poñía 20 de Maio do 3001.

Non podía ser, a máquina do tempo funcionou soa e levounos ao futuro. Flik díxolle a Marrow que tiña que ir á vila para comprar pezas para a máquina do tempo así que Marrow acompañouno.

Cando chegaron á vila viron que alí case todo era virtual e xa non había o verde do campo, os ríos de auga e non había nin unha soa árbore na que ver un paxariño cantando. Estiveron falando coa xente e o que todo o mundo dicía era que para que querían as árbores, os ríos e todas esas chorradas tendo tantas cousas electrónicas como eles tiñan. Eles intentaron convencelos de que a cousa non era así, pero non lles facían caso xa que críanse máis poderosos.

Nese momento Flik deuse conta de que todas as advertencias dos carteis e mensaxes de coidar o mundo e o medio ambiente que había no mundo no que eles vivían convertéranse en realidade e, certamente dixeron que cando volveran ao 2009 tiñan que convencer ao mundo para que cambiara de opinión. E a cousa foi dito e feito. Flik colleu as pezas, amañou a máquina e volveron para a casa, e nada máis chegar ao seu ano apuntáronse a unha ONG que se chamaba SALVAR AO PLANETA e dende aquel día fixeron o posible para salvar o mundo

Juan Díaz

6º Primaria

“A trabe”-sía

Do Sáhara a

España



Había unha vez unha nena chamada Lamina. Lamina era unha nena moi boa, xogaba canto quería, ás agachadas, á palma... Un día os seus pais dixéronlle:

-Vamos ir a España. Que che parece?

-Moi ben

Ao día seguinte prepararon mochilas, bolsa da comida... Pero só tiñan cartos para pagar a viaxe e a comida que ían comer alí. Cando chegaron xa era noite, e durmiron a carón dunha casa. Cando espertaron, quedaron un pouco coas mantas por encima para quentárense. Unha nena que ía paseando coa súa nai viunos dende lonxe, e preguntoulle a súa nai:

-Que fan esas persoas alí? Podemos axudarlles?

-Non sei o que fan alí. Se non teñen casa, podemos convidalos a vir á nosa.

-Grazas mamá, voulles preguntar.

Foi correndo e díxolles:

-Ola, como vos chamades?

Lamina dixo:

-Estes son: o meu pai Nicolete e a miña nai Grasiela. Eu son Lamina, e somos saharauis.

-Eu son Andrea. Pasades moito frío? Miña nai convidavos a durmir na nosa casa.

-Grazas, pero miña nai ten que falar coa túa nai, a ver se nos deixan. Deixáronlles e os tres foron para a súa casa, Nicolete, Grasiela e Lamina. Alí durmiron os tres, nunha habitación. Grasiela e Nicolete nunha cama e Lamina noutra. Fora o día que máis durmiron e mellor, porque nunca durmiron nunha cama. No Sahara durmían no chan. Ao día seguinte Andrea e Lamina xogaron moito. Lamina ensinoulle os xogos do Sahara e Andrea os de España.

Un día estaba xogando e Andrea caeu, e dixo:

-Foi culpa túa, só túa!.

Andrea foi chorando cara á súa habitación, e Lamina quedou pensando no que fixera. Ao día seguinte non se miraron nin se faloron. Os pais de Lamina faloron con Lamina e preguntáronlle porque non era amiga de Andrea e ela comentoulles o que pasara. Os pais de Andrea preguntáronlle a Andrea, que mentiu e non lles contou a mesma historia. Despois os pais de Lamina e os de Andrea faloron, e déronse conta de que Andrea mentira. Ao día seguinte perdoáronse xantando todos xuntos. Cando acabaron saíron a xogar. Tiñan que aproveitar porque Lamina íase ao día seguinte. O día chegou, e tívose que ir. Andrea perdooulle outra vez. Déronse un bico e os enderezos para enviárense cartas.

Clara Díaz 3ºPrimaria

“A trabe”-súa

Este ano tivemos novidades de todo tipo: profes nov@s, alumn@s nov@s, biblioteca,...



NOVAS

Esta é a aparencia da nosa páxina, e esta é a dirección:
<http://centros.edu.xunta.es/ceipsantarita/>



Podes atopar todas as fotos das nosas actividades no apartado "Galería de imaxes" da nosa páxina



Este é o noso Blog da Biblioteca, que por certo, tamén estamos estreando porque empezou a funcionar este curso



"A trabe"-sía

Soubeches que este ano tivemos titor novo en 2º? Chámase Paco Luis

Si? Pois non fustes os únicos. Na clase da miña irmá, Ed. Infantil de 3 anos, tamén tiveron titora nova, Mari Luz.



Vistes isto? Aquí di que houbo unha profe nova de Inglés en Ed. Infantil e 1º ciclo. Chámase Virginia.

Entón chámase igual ca nova orientadora. Mira por onde! Pois non é un nome tan común...

E non foron as únicas novidades porque tamén tivemos a Sandra como a nova profe de Música. E non vos esquezades de Rebeca e Víctor, os AL que nos axudaron este curso.




Ah, pero tamén tivemos compas novos, si, si, ... En 1º, en 2º, en 5º,

E vistes os novos Puntos de Lectura? Son unha pasada!!

E soubestes que traballamos o Portfolio e Ed. Plástica en Inglés en 3º e 4º?

"A trabe"-sía


MAGOSTO



"A trabe" -sía



Conto "Pepita" realizado polos nen@s de Ed. Infantil de 4 anos



Xa sabedes que somos moi afeccionados ás celebracións anuais coma o Magosto. Estas son as fotos de todo o que fixemos Coma sempre, os de 1º ciclo encargáronse de ir apañar as castañas, logo os adultos picáronas e por último leváronse ao forno a asar.

En cada clase preparamos os nosos "tocados" para a cabeza e os cestiños para as castañas, cada grupo tivo o seu modelo propio: coroas, gorras,...decoradas con motivos relacionados coa estación. Somos uns artistas!

E chega o gran día; xuntámonos tod@s a comer as castañas. Este ano cadrou moi mal día porque non paraba de chover, pero iso non foi problema para nós porque o fixemos no ximnasio.

Ah! Este ano tivemos unha participante moi especial, Gosia, a nosa Axudante Comenius, deste xeito aprendeu os nosos costumes, e explicounos os seus.

Pasámolo en grande!!! Non hai máis ca vernos!



A trabe"-sía



Terrorífica estivo a entrada do cole durante a última semana de outubro, porque celebramos Halloween.


Cada grupo fixo a súa monstruosa postal e algún adorno para poñer na entrada. Houbo de todo, ata esqueletos bailaríns moi simpáticos porque cada quen os decorou como quixo, e para iso da imaxinación, somos os mellores.

Toda a entrada estaba infestada de ratos, arañas, morcegos...bichos! Visitáronnos duendes xigantes, bruxas e ata o mesmísimo Drácula!!!




"A trabe"-sía

NADAL




Que chulas son estas datas...sobre todo porque temos uns días de vacacións e nos traen regalos. Xa sabedes, visítamos Papá Noel no cole e sempre nos trae algunha cousiña porque nos portamos moi ben e estudamos moito.

O último día do trimestre facemos un gran Festival con todo tipo de actuacións: teatro, cancións, contos, música e ata túteres, en galego, inglés e ata en polaco,... de todo porque somos uns grandes artistas. Mirade, mirade!



"A trabe"-sía





Luis e Juan, os presentadores



4ª Primaria. Canción



4ª Primaria. Flisak Legend



5ª Primaria. Panxoliña polaca



3ª Primaria. Canción



6ª Primaria. "Ai, Filomena!"



Ed. Infantil. Conto de Nadal



2ª Primaria. Canción




1ª Primaria. "O avó"



3ª Primaria. Gingerbread Man



Ed. Infantil. Mural



Postais

"A trabe" -sía

Chegou...

O CIRCO

E
N
T
R
O
I
D
O



Ed. Infantil. 5anos



Gosia




3ªPrimaria



1ªPrimaria



4ªPrimaria



Mari

"A trabe"-sía

Señoras e señores!!! O circo do CEIP Santa Rita de Galdo acaba de chegar á cidade de Viveiro!!!

Con pallasos, malabaristas, feras e domadores, ... Este é un dos días que mellor o pasamos, o día do Desfile de Entroido.

Fomos a Viveiro en autobús para desfilas polas rúas disfrazados de personaxes do circo. Levabamos ata banda de música, os nen@s de 6º



Virginia e Mar. Ed.Infantil 4anos



Sandra e 6ºPrimaria



Xefe de pista.
D.Pepe



3ºPrimaria e Lola



1ºPrimaria e Ana



Virginia e MariLuz.Ed.Infantil 3anos

"A trabe"-sía



6°Primaria



1°Primaria



2°Primaria



6°Primaria



Conchita




4°Primaria



Os profes

"A trabe"-sía

DÍA DA PAZ



En cada aula fixemos actividades relacionadas coa convivencia, respecto, tolerancia,... e o Día da Paz. Estes son os nen@s de Ed.Infantil durante unha das súas actividades

DÍA DO LIBRO



"A trabe"-sía


SARAK-SINDAK-TQA



Os grupos de 3º, 4º e 5º de Primaria xunto con grupos doutros colexio fomos ao salón de actos de Sargadelos para ver a obra en inglés "Tarzán"
Pasámolo en grande!!



Tamén estiveron no colexio os profesores chiflados de Ciencia Divertida e unha vez máis deixáronos coa boca aberta coa súa maneira de explicar a ciencia



Tivemos actividades moi ricas, porque nos ensinaron a almorzar con xeito, un Almorzo Saudable




"A trabe"-sía

Os nen@s de Ed. Infantil fixemos moitas actividades: plantamos fresas, fixemos exposicións con froitos de outono,...



"A trabe"-sía

Ed. Infantil



2º Ciclo



1º Ciclo

"A trabe"-sía

Conto viaxeiro

1º ciclo

NORMALIZACION

Tivemos moitas actividades relacionadas con Normalización, por exemplo, os contos viaxeiros que vedes aquí, pero tamén fixemos teatro: “Ai Filomena!” e “O avó”. Seguimos apadriñando palabras e facendo actividades con elas, recollemos arquivos de audio dos nosos adultos que incluiremos na nosa páxina. Web..


Unha morea de cousas!



1.-Había unha vez un neno que se chamaba Pablo e gustábanlle moito os animais



2.-Cando cumpriu 6 anos seus país touxéronlle unha cadelinha



3.-Pasou o tempo e Pablo fíxose maior, xa tiña 15 anos



4.-Un día foi de caza coa súa cadelita que se chama Brisa




5.-Andiveron polo monte e colleron moitas lebres



6.-Despois descansaron para xantar



7.-Ao rematar a tarde encontráronse un lobo co que viviron moitas aventuras



8.-O lobo era mariñeiro e vexetariano e vivía nunha illa preto da casa de Pablo e de Brisa
O lobo, que se chamaba Sultán levounos nunha barca ata a illa solitaria. Alí viviron a primeira aventura



9.-A aventura do tesouro:
Cando chegaron á illa, o lobo contoulles unha lenda que falaba dun tesouro. Puxéronse a buscalo e a aventura durou moitos meses. Atopáronse con pumas rabiosos e pasaron moito medo.

“A trabe”-sía



Un día, desde a cova do lobo viron que se achegaba á illa un barco pirata que ía buscando o tesouro. Tiveron que lutar cos piratas para faga-se o tesouro. E ao final conseguiron o que se proponían: o tesouro da illa deserta.

10.-Un día, desde a cova do lobo viron que se achegaba á illa un barco pirata que viña buscando o tesouro. E ao final conseguiron o que se proponían: o tesouro da illa deserta.



De volta á casa de Pablo os tres subiron ao monte da Borra. Alí atoparon un dragón que vivía nunha cova e botaba lume pola boca.

11.-A aventura do dragón: De volta á casa de Pablo os tres subiron ao monte da Borra. Alí atoparon un dragón que vivía nunha cova e botaba lume pola boca.



O dragón chamábase Rex e traballaba de bombeiro. Alimentábase de lume e tiña moito traballo apagando incendios. De súpeto escoitouse unha chamada de socorro. Era a señora Xoaquina -Valédemeeee!!!!Hai lume na miña tenda

12.-O dragón chamábase Rex e traballaba de bombeiro. Alimentábase de lume e tiña moito traballo apagando incendios. De súpeto escoitouse unha chamada de socorro. Era a señora Xoaquina -Valédemeeee!!!!Hai lume na miña tenda



A aventura das plantas carnívoras
Pablo e os seus amigos foron á casa da avoa de Pablo. Ao pasar polo bosque encantado atoparon unhas grandes e terroríficas plantas carnívoras, como tiñan que atravesar o bosque ocurriúselles ir á do pobo e mercar carne picada e metérona nos seus petos.



mentres cruzaban o bosque encantado, dábanlle a carne ás plantas carnívoras que foron comendo todo o que levaban nos petos. Entón Pablo, Brisa, Sultán, Rex e Xoaquina chegaron á casa da avoa de Pablo e alí mercárona. Todos son felices.

15.-Mentres cruzaban o bosque encantado, dábanlle a carne ás plantas carnívoras que foron comendo todo o que levaban nos petos. Entón Pablo, Brisa, Sultán, Rex e Xoaquina chegaron á casa da avoa



Pablo, Brisa, Sultán e Rex foron salvar a Xoaquina á súa tenda. Cando chegaron á tenda rescataron a Xoaquina e Xoaquina como non tiña casa foise a vivir con Pablo, Brisa, Sultán e Rex. Alí viviron máis aventuras.

13.-Pablo, Brisa, Sultán e Rex foron salvar a Xoaquina á súa tenda. Cando chegaron á tenda rescataron a Xoaquina e Xoaquina como non tiña casa foise a vivir con Pablo, Brisa, Sultán e Rex. Alí viviron máis aventuras

14.- A aventura das plantas carnívoras: Pablo e os seus amigos foron á casa da avoa de Pablo. Ao pasar polo bosque encantado atoparon unhas grandes e terroríficas plantas carnívoras. Como tiñan que atravesar o bosque ocurriúselles ir á do pobo e mercar carne picada e metérona nos seus petos.



“A trabe”-sía

Conto viaxeiro

Ed. Infantil



HABÍA UNHA VEZ UN DRAGÓN
CHAMADO LAMBÓN
QUE VIVÍA NUN CASTELO
DE MADEIRA

1.-Había unha vez un
dragón chamado Lambón,
que vivía nun castelo de
Madeira.



UN DÍA MANCOUSE CUNHA
ESTELA NUNHA PERNA

2.-Un día mancouse cunha
estela nunha perna




FOI Ó RÍO LAVAR A FERIDA
E ATOPOUSE CUNHA TROITA
QUE LLE AXUDOU

3.-Foi ó río lavar a ferida e
atopouse cunha troita que
lle axudou



CHEGOU UN LOBO QUE TRAÍA UNHA CESTA
CON: PERAS, MAZÁS, PLÁTANOS, UVAS
E GALLETAS...

4.-Chegou un lobo que traía
unha cesta con: peras,
plátanos, uvas e galletas



MERENDARON OS TRES XUNTOS

5.-Merendaron os
tres xuntos



XOGARON Á PELOTA

6.-Xogaron á pelota



VOLTARON O CASTELO.
CEARON...

7.- Voltaron ó
castelo, cearon e...



MOI CANSOS BOTÁRONSE A DURMIR, E
COLORÍN COLORÁN...

8.-Moi cansos
botáronse a durmir, e
colorín colorán...

"A trabe"-sía

CINE E EDUCACIÓN EN VALORES ALCOA



“Nocturna, una aventura mágica”


Está indicada para nenos/as de 6 a 8 anos e trata da superación do medo e das dificultades grazas ao esforzo propio e á axuda dos demais. Tamén da importancia do diálogo cos adultos de confianza para resolver algunhas dificultades da vida cotiá.

O noso centro participou no programa “Cine y Educación en Valores” patrocinado pola Fundación Alcoa e organizado pola FAD en colaboración co Concello de Viveiro.

Cada grupo de idade visionou unha película da que se aproveitou o tema para traballar sobre el de moitos xeitos, sempre relacionado con valores para traballar sobre el. Non só vimos a película, primeiro fixemos unhas actividades e outras posteriores

“El patito feo y yo”

Indicada para nenos e nenas de 8 a 10 anos na que se fala da aparencia externa como aspecto secundario e unha vez máis a importancia que ten a familia como soporte de axuda e comprensión ao que sempre podemos recorrer



“Un puente hacia Terabithia”



Pensada para nenos e nenas entre 10 e 12 anos. O seu tema principal é a amizade como apoio esencial para o desenvolvemento persoal. A importancia do afecto e a comunicación para unir á familia. Tamén se fala nela da superación da dor e os problemas

“A trabe”-sía

BRÚJULA

Tamén tomamos parte no Programa Brújula ao igual ca outros centros de Viveiro.

Fomos ata Viveiro en autobús e alí desdoblámonos en grupos máis pequenos para visitar o camión que instalaron nos xardíns. Foi moi interesante porque nos foron mostrando os perigos de Internet, sobre todo de empregalo sen a supervisión dun adulto. Aprendemos un montón de cousas, e ademais pasámolo moi ben, ata nos deron uns agasallos...



“A trabe”-súa

Valora Lecer

1ª fase Xogos



2ª fase

Malabares, monicreques e xoguetes



Este curso seguimos coa segunda parte do Proxecto Valora Lecer que tivemos o curso pasado.

Se recordades, o ano anterior estivemos aprendendo e practicando xogos de todo tipo e este ano fomos máis aló. Aprendemos a fabricar e manexar malabares, monicreques e xoguetes. Incluso aprendemos tan ben que aproveitamos as cariocas que fixemos para facer unha demostración no desfile de Entroido




“A trabe”-sía

P r e m i o s

"Consumo"

Como xa sabedes, hai varios anos que pertencemos á rede de Consumo. Este ano era a segunda fase do noso proxecto e trataba sobre os arbustos. A nosa Memoria de Proxecto obtivo o 2º premio en recoñecemento ao noso traballo. Fixemos de todo: herbarios, fichas, exposicións, monicreques e ata a nosa propia marmelada. Que boa estaba!



"Fraga das Saímas"

A Asociación de Mulleres Rurais "Fraga das Saímas" convocou este ano un concurso de debuxo e pintura sobre dita fraga. No noso centro houbo moita participación e tanto esforzo veuse recompensando unha vez máis con 4 dos 6 premios das dúas categorías nas que tomamos parte: Lucía Chaves o 2º premio (9 a 11anos) E na categoría de 6 a 8 anos: Brais Vázquez foi o 1º premio, Diego Basanta o 2º premio e David González o 3º



"A trabe"-sía

Tamén presentamos traballos ao X Certame Literario de Contos do Concello de Oourol. Non debemos facelo tan mal, posto que conseguimos 4 premios. Na categoría de 7 a 10 anos: 1º.-Abraham García; 2º.-Rebeca Lago e 3º.-María Ríos. Na seguinte categoría, Raquel Vázquez obtivo o 2º premio

"X Certame literario de contos" do Concello de Oourol

"Consumópolis"




Un grupo de nen@s de 6º de Primaria gañou o segundo premio do concurso Consumópolis sobre o consumo responsable e a calidade de vida. Estivo organizado polo Instituto Nacional de Consumo e as CCAA e o seu lema foi: "Que facemos co noso tempo de lecer? O grupo estivo formado por: Lucía Chaves, Raquel Vázquez, Julia Pérez, Juan Díaz e Víctor Ramón Fariñas, e foi coordinado por D. Pepe, o director do centro

X Torneo "Concello de Viveiro"

A Escola de Fútbol de Viveiro convocou un concurso para elixir o cartel representativo do X Torneo "Concello de Viveiro"

Entre os gañadores do concurso figura Antón Ramallal, alumno de 4º de Primaria do noso cole



Competicións

Os nosos resultados en competicións foron:

-Provincial de Campo a Través: Clara Díaz Rguez. (Campiona provincial B-F), Antón Ramallal Castro (3º B-M) Adrián Ben Montenegro (Campión Provincial A-M), Julia Peláez Vale: (3º A-F)

Equipo Alevín Masculino: Subcampeón

-Campionato Galego de Campo a Través: Adrián Ben Montenegro (Campión Galego A-M)

Equipo A-M: 4º clasificado

Julia Peláez Vale: 18º clasificada A-F

-Atletismo: Bruno Prado Guerreiro (Medalla de prata en Lanzamento de Peso B-M), Clara Díaz Rguez (Bronce en 500m. B-F), Antón Ramallal Castro (Bronce en Salto de Altura B-M), Adrián Ben (Campión Provincial en 60 m. Lisos e 1000 m. Lisos A-M)

Postos de honra para: Ángel M. Villegas (Altura e 1000 m. Lisos), Antón Ramallal (60 m. Lisos), Tania Monteagudo (Peso), María Simón (Marcha e altura), Martín Prado (500 m. E Lonxitude), Iago Serantes (Lonxitude), Nuria Chao (Peso), David Quevedo (1000 m. Lisos e Peso), Clara Díaz (Lonxitude).

Deporte na Escola:

Encontros contra CPR Martínez Otero de Foz, CEIP de Covas e CEIP de Cervo.



"A trabe" -sía

Tamén fomos noticia...

La Voz de Galicia.es

PORTADA GALICIA DEPORTES SOCIEDAD DINERO ESPAÑA MUNDO OPINIÓN PARTICIPA BLOGS OCIO Y CULTURA SERVICIOS CANALES TIENDA INMO MOTOR EMPLEO

A Coruña A Mariña Arousa Barbanza Carballo Deza Ferral Lemos Lugo Ourense Pontevedra Santiago Vigo Emigración

Entregados los premios de Fraga das Saímas

28/4/2009

Valoración



El pasado sábado el Centro Socio-Cultural de San Andrés de Boimonte acogió la Festa do Medio Natural e Familia organizada por la asociación de mujeres rurales local, en la que se hizo entrega de los premios del primer concurso de dibujo y pintura «Descubre a rosa Fraga das Saímas». Allí estuvieron la concejala de Turismo y Medio Ambiente del Concello de Viveiro Olga Méndez y la propietaria de la tienda especializada en material de bellas artes Catá Josefina Casas. La presidenta del colectivo, Flor Chao, intervino al comienzo de la celebración, que contó con más de cien personas que degustaron, además, una comida y disfrutaron del baile por la tarde.

La Voz de Galicia.es

PORTADA GALICIA DEPORTES SOCIEDAD DINERO ESPAÑA MUNDO OPINIÓN PARTICIPA BLOGS OCIO Y CULTURA SERVICIOS CANALES TIENDA INMO MOTOR EMPLEO

A Coruña A Mariña Arousa Barbanza Carballo Deza Ferral Lemos Lugo Ourense Pontevedra Santiago Vigo Emigración

Cinco alumnos del Santa Rita de Galdo ganaron el segundo premio del concurso gallego «Consumópolis»

La Voz | 15/4/2009

Valoración



Cinco alumnos del colegio Santa Rita de Galdo, de Viveiro, ganaron el segundo premio del concurso Consumópolis, sobre consumo responsable y calidad de vida. Los galardonados fueron Lucía Chaves Eijo, Raquel Vázquez Rodríguez, Julia Peláez Vale, Juan Díaz Rodríguez y Víctor Ramón Fariñas Barceló, todos ellos de sexto de primaria, bajo la coordinación del director del centro, José Rodríguez Costa. Se trata de un concurso organizado por el Instituto Nacional de Consumo y por las Comunidades Autónomas y que este año tenía por tema Que hacemos co noso tempo de lecer?

La Voz de Galicia.es

PORTADA GALICIA DEPORTES SOCIEDAD DINERO ESPAÑA MUNDO OPINIÓN PARTICIPA BLOGS OCIO Y CULTURA SERVICIOS CANALES TIENDA INMO MOTOR EMPLEO

A Coruña A Mariña Arousa Barbanza Carballo Deza Ferral Lemos Lugo Ourense Pontevedra Santiago Vigo Emigración

Y ADEMÁS...

Alumnos del colegio de Galdo ponen a prueba su inglés en Polonia

La Voz | 15/5/2009

Valoración



Un grupo de alumnos y profesores del colegio de educación infantil y primaria Santa Rita de Galdo pasan estos días a varios kilómetros de casa, en Polonia, concretamente en Staszow. Desde su web cuentan que la gente es encantadora y que practican el inglés que aprenden en el cole.

Atletismo

Diecisiete mariñanos compiten en Lugo en el Gallego de cross

DELEGACIÓN AMARIÑA. El atletismo mariñano contará con 16 representantes en el campeonato gallego escolar de campo a través, que se celebrará mañana en Lugo. Los dos únicos clubes que participarán en la competición por equipos serán el CEIP Santa Rita de Galdo, en alevines masculinos, y el San Roque de Viveiro, en infantiles masculinos. En alevines femeninos habrá tres niñas de la comarca, que son Carla Gallo, del Ceiras, Alba Rubal, del colegio O Pilar, y Julia Peláez, del Santa Rita. Más nutrida será la representación en alevines masculinos, con el equipo del Santa Rita de Galdo al completo, encabezado por el campeón provincial, Adrián Ben, junto a Juan Díaz, Víctor Fariñas, Miguel Labaén, Gabriel Polo y Martín Prado. En infantiles masculinos compete el San Roque, con Adrián Alonso, Miguel Quiñeala, Rubén García, Santi Tirmeiras, José Labaén y Miguel Pérez. El único cadete masculino será Catalin Dragomir, del Albións, que aspira al podio, mientras que en cadetes femeninos estará Ana Iglesias, de las E.D Louranzá.



Adrián Ben reina en Galicia

► El corredor alevín del Santa Rita de Galdo se proclamó campeón autonómico de campo a través en Lugo

El triunfo de Ben casi permite a su equipo alcanzar el podio en la clasificación por clubes, aunque al final fue cuarto. Otros deportistas mariñanos que rindieron a gran nivel durante la cita fueron Catalin Dragomir, que ocupó la sexta posición en la categoría de cadetes masculinos; Alba Rubal, del AD O Pilar, decimosexta en alevines femeninos; Julia Peláez, del Santa Rita, decimoctava en esta misma categoría y Martín Prado, que obtuvo idéntica plaza en alevines masculinos.

GALLEGO JUNIOR. El atleta do Valadouro Senén Castro se alzó con el título autonómico por clubes en el campeonato gallego junior

DELEGACIÓN A MARIÑA. La comarca ya tiene otro campeón gallego de campo a través gracias al triunfo del jovenísimo Adrián Ben en la prueba que decidió el reinado autonómico de las categorías escolares, que se celebró en Lugo. El deportista del Santa Rita de Galdo se alzó con el título en la categoría de alevines, confirmando su categoría de promesa y su excepcional momento de forma, ya que hace dos semanas ganó también el campeonato provincial, en el mismo escenario. Ben recoge el testigo de otros grandes triunfadores como Senén Castro, Catalin Dragomir, Manuel Mariño o José Hermida, que subieron al podio en ediciones anteriores del Gallego.



Adrián Ben, a la izquierda en lo alto del podio provincial, y una imagen de otro momento de la prueba.

Los 'babys' se exhiben

► Los mariñanos dominaron el Provincial de campo a través en benjamines y alevines

L.C. A MARIÑA. Los deportistas mariñanos fueron los grandes dominadores del campeonato provincial de campo a través en las categorías más jóvenes, benjamines y alevines, mientras que también rayaron a buen nivel en las dos de mayores, infantiles y cadetes, aunque no con resultados tan espectaculares. Cuatro títulos individuales y nueve medallas totales, siete individuales y dos por equipos, fue el balance de las alicadas de la comarca, que además clasificaron a diez corredores y dos equipos para el campeonato gallego. El mejor equipo es el que a medallas se refiere fue el Santa Rita de Galdo. Los títulos provinciales fueron para Rubén Castro (E. D Valadouro), Clara Díaz (Santa Rita), Carla Gallo (Galas) y Adrián Ben (Santa Rita). En benjamines mixtos triunfó Rubén Castro y Antón Ramalal, del Santa Rita, fue tercero. Clara Díaz fue la vencedora femenina en esta misma categoría. Carla Gallo fue la campeona en alevines femeninos, por delante de Alba Rubal, de O Pilar, y de Julia Peláez, del Santa Rita, segunda y tercera. Adrián Ben venció en alevines masculinos. En infantiles masculinos la mejor clasificación fue la de Adrián Ben.




La Voz de Galicia.es

PORTADA GALICIA DEPORTES SOCIEDAD DINERO ESPAÑA MUNDO OPINIÓN PARTICIPA BLOGS OCIO Y CULTURA SERVICIOS CANALES TIENDA INMO MOTOR EMPLEO

A Coruña A Mariña Arousa Barbanza Carballo Deza Ferral Lemos Lugo Ourense Pontevedra Santiago Vigo Emigración

Adrián corre hacia la élite

El alumno del CEIP Santa Rita de Galdo, en Viveiro, conquistó el título autonómico alevín de campo a través, tras proclamarse campeón comarcal y provincial.

1. Adrián Ben | 25/3/2009

Valoración



Tiene solo 10 años y un palmarés propio de toda promesa en ciernes. Adrián Ben Montenegro (Viveiro, 4/8/98) no ha dejado de acumular éxitos desde que a los 3 años empezó a practicar campo a través en el CEIP Santa Rita de Galdo, donde cursa quinto de Primaria. «En casa tengo 14 trofeos y unas 50 medallas», presume orgulloso. «Este niño nunca aprende a andar, estaba siempre corriendo», añade su padre, Antonio Ben.


Su último gran triunfo se produjo el fin de semana en el campeonato gallego de cross, una cita por la que se hizo afilarse las apuestas al Relaciónados de la noticia

“A trabe”-sía

Saídas



LUGO



O venres 22 de maio os nenos e nenas de 3º a 6º do cole de Galdo fomos a Lugo. Fixemos dous grupos, o primeiro grupo entrou nunha exposición de cadros mentres que o segundo grupo andaba a muralla.

Despois fixemos ao revés e a min tocouse ir ver a exposición de cadros no local de Caixa Galicia. Había moitos cadros, de Picaso, de Luís Seoane, Castelao,... Cando acabamos de ver a exposición fixemos un debuxo nunha cartolina. Foi moi divertido! Nós tiñamos que facer un debuxo realista.

Máis tarde fomos comer a un restaurante.

Pola tarde fomos visitar o Progreso. Alí, Ana ensinounos nunha pantalla as antigas máquinas nas que se imprimía o xornal. Tamén vimos o primeiro periódico que se imprimiu. Antes imprimíase cinco centos xornais por día e agora imprímense entre 19000 e 23000. Vimos as máquinas nas que se imprime o xornal actualmente, e vimos tamén onde se garda o papel. Cada rolo mide 20km. e custa 800 euros.

Por último regaláronos un xornal, unha libreta, un lapis,...

Á saída o autobús estabanos agardando fóra, subámonos e volvemos aquí.

Foi un día xenial

Carla Fernández 4ºPrimaria



Os grupos de Ed.Infantil e 1ºciclo visitarán o vindeiro xoves 18 de xuño á Granxa do Eo. Xa nos tarda!!

"A trabe" -súa

POLAND



Os nenos de 6º fomos do 10 o 18 de maio a Polonia, máis concretamente a unha vila chamada Staszów.

Aloxámonos nunha residencia onde nos trataron moi ben.

O primeiro día recibíronos os nenos e os profesores da escola, eran moi amables. No colexio había nenos coma nós pero tamén de secundaria. Lucyna e outros profes, incluído o director e algúns nenos acompañáronos nas nosas visitas. Para despedirnos o último día que estivemos en Staszów, fixéronos unha pequena festa no cole. En Staszów só estivemos 5 días porque os outros 3 estivemos en Cracovia onde vimos a Gosia e á súa familia. O máis impresionante de Cracovia foi a praza do mercado porque era a máis grande de Europa dese tipo. Foi unha experiencia increíble!! Se fose por min repetiría outra vez!!

Lucía Chaves 6ºPrimaria



"A trabe"-sía

O pasado día 10 de maio os nen@s de 6º de Primaria fomos a Polonia. Chegamos a Staszow pola tarde logo de aterrar no aeroporto de Varsovia.

As nosas actividades foron:

Luns: visita á Escola e ó Concello e pola tarde piscina

Martes: Visita a Baltow onde estivemos nun parque Xurásico para ver dinosauros.

Mércores: Visita ao Castelo de Krzyztopor e tamén visitamos Ujazd.

Pola tarde fixéronos unha barbacoa de bisonte e fomos ao parque natural de Kurozweki.

Xoves: Visita a un parque etnográfico en Tokarnia e pola tarde sesión de disco na escola como festa de despedida. Foi xenial!

Venres: Partimos para Cracovia pola mañá cedo e alí visitamos o Museo da Estrada con locomotora, coches antigos e todo o relacionado coa construción de estradas e Pontes. Visita por Cracovia, onde fomos á Praza do Mercado, xoia cultural de Polonia. Tamén visitamos a Universidade máis antiga da cidade e uns xardíns que rodean a cidade.

Sábado: Visitamos o Parque das Miniaturas con algúns dos monumentos máis coñecidos do mundo e os máis importantes en Polonia

Visitamos Wadowice, lugar onde naceu Xoán Pablo II e tomamos un pastel que leva o seu nome

Fomos en barco polo Vístula

Domingo: Visita ás minas de sal de Wieliczka, onde había estatuas de personaxes esculpidos nas rochas de sal polos mineiros; tamén había unha capela enorme incluso cun gran altar coma se fose unha catedral, todo feito en sal.

Fomos ao AquaPark en Cracovia, o Wodny, onde nos divertimos moito. E visitamos o Castelo de Wawel, onde está o dragón máis famoso que bota lume pola boca.

Tamén tivemos tempo libre para mercar cousas para nós e traelas como recordo de Polonia (ámbar, chaveiros, bolis, camisetas, gorras, etc.)

Neste tempo de lecer en Cracovia tamén visitamos a Basílica de Sta. María onde cada hora escoltase o toque de trompeta dende a torre da catedral

Igual que ocorrera en Córdoba o ano pasado, sobrevivimos sen mamá e papá: recollemos as cousas, fixemos a cama, as maletas, cargamos coas maletas toda a viaxe!, é dicir , que fomos responsables das nosas cousas **MOITAS GRAZAS!!!!** A Mari e a Pepe por esta nova experiencia que compartimos con eles e polo cariño e a paciencia que tiveron con nós durante toda esta viaxe

VIÑEMOS MOI CANSOS, PERO MERECEU A PENA!!!

Raquel Vázquez

Julia Peláez

6º Primaria



“A trabe”-sía

EM-T-FARAZA

Main supplies:

Fimo Soft – Modeling material – oven hardening. Brown and two shades of blue or three colors of your choice.

Modeling clay tools

Bic® Round Stick Ink Pen (note: not all pens will withstand the heat of the oven, if in doubt test a pen case in the oven before covering with clay.)

Basic Supplies:

Scissors

Pliers

Toothpicks

Pasta machine (use only for clay not food) or rolling pin

Paper and pencil



Instructions:

Pen Tree Branch

1. Have an adult help remove the ink cartridge from the pen with pliers.
2. Draw a rectangle on the paper. Cut it out.
3. Condition and flatten the brown clay. Place the paper template onto the brown clay and trace around it with a toothpick. Use scissors or a plastic knife from the modeling tools to cut out the clay.
4. Wrap the clay around the empty pen cartridge. Smooth the seams with your fingers. Use a toothpick or one of the modeling tools to draw lines to make it look like a tree branch. Roll a small log and add to the tree for a smaller branch. Add lines.

Salamander

1. Create a 1" ball of each color. Roll these balls into logs and twist them together to marble the colors. Do not mix the colors completely.
2. Body: Divide the clay into two equal parts. Roll one ball into a tapered log shape. This shape should be thick at one end and thin and pointed at the other end. Curl the thin end up into a coil for the tail.
3. Legs: Roll four balls into tapered logs approximately long. Draw in foot marks with a toothpick. Press the legs to the side of the body.
4. Head: Roll a 3/4 " size ball of marbled clay. Shape this into a triangle shape. Make an indentation with your thumb on the bottom of the triangle. Press the head (with the point of the triangle facing upwards) to the body.
5. Roll two balls of a solid color. Press slightly flat. Press these balls to each side of the head for eyes. Poke a hole in the center for the eye.
6. Add texture to the head and body if you like with the tip of a ball point pen
7. Bake on a tile or piece of glass according to manufacturer's recommended baking temperature and time. Allow to cool completely. Replace the ink cartridge.

"Atrabe" -sía

"A Trabe"-sía

CEIP STA. RITA



CURSO 2008/2009

**XORNAL SUBVENCIONADO POLA
SECRETARÍA XERAL DE POLÍTICA LINGÜÍSTICA**